

Xornal » A III Xornada de Propiedade Industrial revisa os avances cara un sistema unificado de patentes en Europa

Seccións

Xornal

Resumos de prensa

Axendas

Publicacións

Entrevistas

Opinión

Aconteceu

Taboleiro

Redacción

A III Xornada de Propiedade Industrial revisa os avances cara un sistema unificado de patentes en Europa

Actualizada: 21-10-2011 10:05



A III Xornada de Propiedade Industrial celebrárase o día 28 no Salón de Graos da Facultade de Dereito organizada polo Instituto de Dereito Industrial (Idius) e o Centro de Estudos e Documentación Europeos da USC (CEDE). No marco dos recentes traballos comunitarios cara unha patente unitaria na Unión Europea, distintos expertos e relatores españois e europeos, revisarán os avances recentes cara o sistema unificado de patentes en Europa. Ademais, tratarase a posición dos agregadores de información ante a infracción de dereitos de propiedade industrial e intelectual en internet ou o *ambush marketing*.

A xornada está dirixida a investigadores, profesionais, alumnado universitario e público en xeral. A asistencia será libre ata completar aforo tendo preferencia as persoas que se inscriban previamente na secretaría da xornada (miriam.martinez2@rai.usc.es).

O director da Oficina Española de Patentes e Marcas, Alberto Casado, abrirá a sesión, intervindo a continuación o investigador do Max Planck Institute for Intellectual Property and Competition Law, Mathias Lamping, e o profesor da Universidade de Coimbra Joao Paulo Remedio Marques. As intervencións dos catedráticos José A. Gómez Segade, director do IDIUS, e María Victoria Petit Lavall, da Universidade Jaume I, pecharán a sesión matinal. O programa pecharase coa participación dos profesores Fernando Carbajo Cascón, da Universidade de Salamanca, e Ángel García Vidal, director do CEDE da USC.

Universidade de Santiago de Compostela | Teléfonos: 34 981 563 100 e 34 982 285 900 | [Contacto](#)

[Xornal](#) » [Comeza en Dereito a III Xornada de Propiedade Industrial](#)[Seccións](#)[Xornal](#)[Resumos de prensa](#)[Axendas](#)[Publicacións](#)[Entrevistas](#)[Opinión](#)[Aconteceu](#)[Taboleiro](#)[Redacción](#)

Comeza en Dereito a III Xornada de Propiedade Industrial

Revisa os avances cara un sistema unificado de patentes en Europa

Actualizada: 27-10-2011 12:05



A III Xornada de Propiedade Industrial celebrárase este venres 28 no Salón de Graos da Facultade de Dereito organizada polo Instituto de Dereito Industrial (Idius) e o Centro de Estudos e Documentación Europeos da USC (CEDE). No marco dos recentes traballos comunitarios cara unha patente unitaria na Unión Europea, distintos expertos e relatores españois e europeos, revisarán os avances recentes cara o sistema unificado de patentes en Europa.

A xornada está dirixida a investigadores, profesionais, alumnado universitario e público en xeral. Logo da inauguración, prevista para as 9.45 horas, o director da Oficina Española de Patentes e Marcas, Alberto Casado, abrirá a sesión referíndose á situación actual e perspectivas de futuras respecto da protección unitaria das patentes en Europa.

O investigador do Max Planck Institute for Intellectual Property and Competition Law, Mathias Lamping, e o profesor da Universidade de Coimbra Joao Paulo Remedio Marques tomarán o relevo cons dous relatorios sobre a avaliación crítica da cooperación reforzada na área da patente comunitaria e a protección das patentes biotecnolóxicas, respectivamente. As intervencións dos catedráticos José A. Gómez Segade, director do IDIUS, sobre a harmonización mundial do Dereito de patentes, e María Victoria Petit Lavall, da Universidade Jaume I, sobre a protección das obtencións vexetais, pecharán a sesión matinal.

O programa rematará coa participación dos profesores Fernando Carbajo Cascón, da Universidade de Salamanca, e Ángel García Vidal, director do CEDE da USC para analizar a posición dos agregadores de información ante a infracción de dereitos de propiedade industrial e intelectual en internet ou o *ambush marketing*, respectivamente.

Universidade de Santiago de Compostela | Teléfonos: 34 981 563 100 e 34 982 285 900 | [Contacto](#)